

25n
2022

**Día internacional da eliminación
das violencias contra as mulleres**



UNIDADE DIDÁCTICA
para traballar nas aulas de Primaria o 25N



Edita: Asociación Socio-Pedagógica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autoras: Alba Freiría Pampillón
Blanca Albán Gilino

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Imaxe cuberta: pikisuperstar (freepik.es)

Xustificación

Margaret Chan, directora da Organización Mundial da Saúde, afirmaba no Informe Global sobre Violencia de Xénero (2013) que a violencia de xénero era xa un problema de saúde de dimensións epidémicas que afectaba a todo o planeta.

Coa experiencia recente e esgotadora que supuxo e está a supor a pandemia da COVID-19, parece irreal pensar que perante unha situación de emerxencia mundial non se actúe con responsabilidade ou se tomen medidas urxentes para erradicar as consecuencias.

Sabías que?

A declaración da ONU sobre a *Eliminación da violencia de xénero contra as mulleres* en 1993 marca un importante fito ao afirmar que

«a violencia contra as mulleres designa todo acto de violencia baseado na pertenza sexo feminino, que causa ou é susceptible de causarlle ás mulleres dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico, e inclúe as ameazas de tales actos e a restrición ou privación arbitraria da liberdade, tanto na vida pública como privada».

Deste xeito, a ONU explicita como este tipo de violencia é unha violación dos dereitos humanos, inclúe outros tipos de violencia alén da física e salienta o xénero como factor de risco.

FONTE: *Acercarse a la GENERACIÓN Z. Una guía práctica para entender a la juventud actual sin prejuicios*. Isa Duque. La Pisco Woman (2022)

Segundo o teórico Miguel Lorente a evolución da epidemia que supón a violencia machista é lenta e pausada, debido ao carácter estrutural, cultural e simbólico da propia violencia. Non xorde ao redor de determinadas circunstancias ou elementos que interfiren no noso día a día, senón que forma parte del, no presente e no pasado. Ao longo da historia, evolutivamente foise manifestando dunha maneira continuada sen que a percepción da sociedade fose (e sen que aínda a día de hoxe sexa) proporcional ao significado, á realidade e á dimensión do problema.

Ao ter penetrado tan profundamente na nosa cultura que é a cultura heteropatriarcal, tal como unha herdanza cultural, a violencia foise perpetuando coa ausencia dunha visión da mesma como un conxunto de mecanismos, senón máis ben como gromos violentos individuais. Non se teñen analizado as circunstancias que favorecerían e daban lugar a que situacións de violencias estivesen lexitimadas e tamén destinadas a repetirse unha e outra vez, de xeito marcado, intenso e brutal. Sen percibirse como as consecuencias dun problema estrutural que é o machismo,



senón máis ben como un resultado con certa «aleatoriedade». Unha acción-reacción en casos illados, que se manifestaban con maior ou menor umbral de gravidade. Como se o contador se puidese poñer a cero ao comezo de cada ano. Borrón e conta nova.

Se abrimos ben os ollos, podemos ver diante de nós un problema: o machismo; que dá lugar a unha consecuencia: as violencias machistas. Analizar as circunstancias en que se producen estas violencias implica falar de factores que contribúen e inflúen de maneira que continúe o problema e se poida reactivar unha e outra vez con cada comentario «os nenos non choran», «son cousas de nenos», «menuda marimacho está feita», «que mexericas» «Esa? Esa é unha lagarta», cada vez que as alumnas e alumnos son invisibilizados no discurso, cada saia levantada no recreo sen consentimento, cada porta do baño ateigada de representacións gráficas moi uniformes dun pene, con máis ou menos pelo, mais sempre como marca de demostración do poder e dominio do espazo público

Desentramar os mecanismos das violencias machistas, en plural¹, implica entender a que fan referencia e que tipos de violencias abranguen en todas as etapas vitais. Cales son os colectivos máis castigados por se saíren da heteronorma establecida, cales son os sistemas de opresión e como dialogan entre si.

Ante tal desafío, ao longo destas Unidades Didácticas, tentaremos ofrecer ferramentas para desentramar co alumnado o relativo ao proceso de socialización de xénero, analizar a importancia de rachar cos estereotipos e os roles de xénero

¹ Se ben é certo que non é a forma legal, este concepto abrangue todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres e fillas/os/es ou menores vítimas de violencia de xénero, así como contra todas as persoas con identidades sexuais diversas (LGTBIQ+), de forma puntual ou continuada, coa intención de perpetuar a dominación e as estruturas xerárquicas de poder. Estas violencias engloban, ademais da violencia de xénero, a todas aquelas formas que son consecuencia do sistema heteropatriarcal. Neste marco, o machismo é o concepto que, de forma máis xeral, define estas condutas de dominio dos homes sobre as mulleres, e sobre as persoas LGTBIQ+. Este mesmo sistema sexo-xénero disciplinario e colonial, impón un binarismo no que só existen dúas fórmulas: o modelo masculino e o modelo feminino. Por unha banda, o modelo de masculinidade que segue sendo valorado como superior pola nosa sociedade, pola outra o modelo de feminidade hexemónico. E non necesariamente que «o masculino e o feminino teñan características concretas, senón que todas as características posibles están enmarcadas dentro dese binomio» (Brigitte Vasallo).

e percibir como é que se constrúe socialmente a masculinidade e a feminidade, e como se lle nega a posibilidade de existir e de ser ao que permanece fóra do binario.

Sabías que?

As nenas creense menos brillantes que os nenos desde os seis anos. A unha idade tan temperá, as nenas vanse tornando menos propensas a asociar a brillantez intelectual co seu propio xénero; e tenden a evitar as actividades que segundo a crenza son para nenos «moi intelixentes», segundo indica o estudo de tres universidades estadounidenses. Os datos revelan unha tendencia preocupante, posto que as aspiracións profesionais das mulleres vanse vendo moldeadas polos estereotipos sociais de xénero.

Para probar a que idade comezan a xestarse estas ideas, as investigacións leváronse a cabo con crianzas entre 5 e 7 anos. Nun dos experimentos fíxoselle escoitar unha historia sobre unha persoa que era «moi intelixente» e despois pediúselle que adiviñaran cal de catro adultos descoñecidos (dous homes e dúas mulleres) era a persoa protagonista. Tamén se lles pediu que escollesen nunha serie de pares que persoa era «moi, moi intelixente». Se ben os resultados revelaron que tanto os nenos como as nenas de 5 anos vían o seu xénero reflectido de maneira positiva, as nenas de 6 e 7 anos eran moito menos propensas a asociar a brillantez co seu propio xénero. Estas diferenzas de idade foron moi similares entre participantes de contextos socioeconómicos e étnico-racial diversos.

FONTE: Lin Bian, Sarah-Jane Leslie, Andrei Cimpian «Gender stereotypes about intellectual ability emerge early and influence children's interests» *Science* (26 enero, 2017).

Proporcionaremos tamén ferramentas para desartellar os novos mecanismos da violencia machista e as novas formas que adopta para acollerse aos tempos das TRICS (tecnoloxías da relación, da información e da comunicación), a ciberviolencia e a violencia dixital.

Se ben é certo que desartellar o sistema heteropatriarcal non é unha tarefa doada, tampouco o é continuar a asumir e naturalizar a desigualdade e tampouco replicar uns modelos xerárquicos, relacionais e afectivos cada vez máis obsoletos.

Metodoloxía

A unidade didáctica que vén a continuación enmárcase na normativa actual vixente e componse duns principios metodolóxicos que son referentes á hora de traballar por competencias nos procesos de ensino-aprendizaxe. Entre eles podemos atopar as aprendizaxes significativas e as baseadas en problemas, o enfoque globalizador, a atención á diversidade, os agrupamentos flexíbeis e o traballo-espazo colaborativo con tempo amplo, o traballo de procesos e a potenciación da metodoloxía participativa e investigativa.

Lonxe de reducir a metodoloxía a unha mera enumeración de termos sen contextualizar, optamos por debullar as chaves para poñer en práctica as actividades que logo veñen.

Como se dunhas pistas se tratase, nas seguintes liñas atoparás información relativa ao xeito de traballar cuestións complexas de xeito simplificado, cunha perspectiva de xénero integral a atravesalo todo, teoría e práctica.

Espertar, reactivar, avivar ou estimular a curiosidade serán aspectos fundamentais para desenvolver a conciencia crítica e o compromiso social do alumnado na súa loita contra as violencias machistas. Neste sentido, a autoestima e o autoconceito xogarán un papel esencial que debemos atender e fomentar.

Cunha metodoloxía participativa, colaborativa e centrada na concepción do *sentir para pensar*; a comunicación non violenta e a atención á diversidade, desde todos os prismas, serán as nosas maiores aliadas na consecución dunha comunidade educativa máis igualitaria, inclusiva e interseccional.

O alumnado será en todo momento protagonista do seu propio proceso de aprendizaxe, e de xeito activo participará de accións encamiñadas á detección, prevención e rexeitamento das violencias machistas desde unha visión crítica e empática. A provención, ou ferramentas coas que afrontar, mediar e resolver un conflito, será fundamental para a loita contra a violencia.

Preténdese *mover os marcos* establecidos, cuestionar aquelas crenzas que de tanto replicarse acaban por asumirse como verdades absolutas (*o verdadeiro amor nace a pesar de todos os defectos, *quen ben te quere farate chorar...).

Partirase das propias vivencias, ideas e imaxinarios para a educación na conciencia crítica e tamén no desenvolvemento da escoita activa. O diálogo, o debate, a reflexión e o cuestionamento serán algunhas das canles para traballar na loita contra as violencias machistas, e será fundamental practicar a (auto)escoita e desenvolver a escoita activa tamén do grupo, das súas necesidades e dos seus centros de interese. Será de especial interese afondar na forza do grupo, nas voces que se escoitan máis e menos e facer análise grupal das propias dinámicas instauradas. Partir do propio e do individual-grupal permitirá extrapolar a realidade da aula ao conxunto da sociedade heteropatriarcal en que vivimos.

O xogo será o noso mellor aliado, transitando entre o formal e o non formal, o xogo funciona de ponte para a aprendizaxe do público cautivo, incorporando nas dinámicas das aulas o artivismo, o movemento, a rapidez, o teatro, o humor, e, como non, o corpo.

O rol como profesorado será o rol da facilitación, acompañando e sostendo os procesos que transite o alumnado. Tomando parte activa ante as actitudes ofensivas e discriminatorias para garantir o clima de respecto fronte ás diferenzas.

É de especial interese aproveitar algunhas das dinámicas que se propoñen a continuación para recadar información a respecto dos prexuízos e estereotipos aproveitando que o curso está aínda arrincando motores². Deste xeito, poderemos transversalizar a perspectiva de xénero no decorrer das nosas materias, e fomentar que a loita contra a violencia de xénero non fique condensada nun só día, como algo anecdótico. Conmemorar as datas sinaladas é moi importante na loita pola igualdade, mais integrar a loita contra as violencias machistas na nosa práctica docente do día a día é fundamental.

Acostuma funcionar establecer un «Pacto de botrato»³ antes de realizar as actividades, deixando por escrito aquilo que o grupo precisa e coa posibilidade de ir engadindo novas premisas ao longo das dinámicas, deste xeito traballaremos tamén o consentimento.

É importante atender a todas as voces, equilibrar as participacións e estar moi atentes tanto á linguaxe verbal como a non verbal, nestas temáticas os silencios tamén nos falan moito. Para sermos coherentes coa temática a abordar, é preciso facer un esforzo e utilizar unha linguaxe inclusiva, que teña en conta a todas as identidades, así como unha linguaxe clara e próxima, adaptada á realidade coa que traballamos⁴. Como persoas facilitadoras tamén é a nosa función «mirar cara adentro», revisar as nosas historias de vida e tomar conciencia do sexismo interiorizado, das prácticas patriarcais e dos estereotipos que carregamos. Por último, consideramos beneficioso facer o alumnado consciente do proceso de construción permanente no que se atopa, e no que nós tamén nos atopamos, estamos aprendendo conxuntamente e coa honestidade como punto de partida.

Traballamos con perspectiva de xénero e botrato non só dentro da aula senón tamén nas nosas vidas. Por iso é un tema a tratar con moita paciencia, tacto, sen xulgar, con moito agarimo e sobre todo, con ganas de crear un mundo mellor.

2 É interesante nesta liña a idea de dispoñer ao alcance do alumnado unha caixa de correos que funcione como «caixa de dúbidas» durante todo o mes de novembro ou como acción transversal para todo o curso, na cal depositen todo aquilo que non queiran ou non se atrevan a expor a viva voz. Pode ser tamén de xeito anónimo. Desta maneira poderemos detectar que cousas aínda non quedaron aclaradas ou detectar situacións de violencia. Algúns exemplos doutras «caixas de dúbidas» e que permiten despois recoller información para futuros talleres e obradoiros no centro educativo: por que as mulleres maltratadas non teñen o valor de denunciar o seu home que lle pega? Por que os homes violan as mulleres só por gusto? Por que non se adoita respectar á xente trans? Por que os homes non queren que a súa noiva estea en saír curta e top pero os homes poden ensinar o peito?

3 Optamos nesta Unidade Didáctica polo termo «botrato» todo xunto como oposto ao maltrato seguindo a terminoloxía introducida por Fina Sanz Ramón (2016): *El Buentrato como proyecto de vida*.

4 É recomendábel se se ten algunha dúbida a respecto revisar o libro de AX(e)ITAR A LINGUA. *Orientacións para unha comunicación inclusiva no ensino*, unha proposta de Montse Pena Presas e María Caamaño Rojo para a CIG e a ASPG.

Obxectivos xerais

- ▷ Analizar a carga de prexuízos e estereotipos que existen nos nosos imaxinarios, individuais e compartidos.
- ▷ Afondar no significado de diferenza fronte á desigualdade, fomentando o respecto pola diversidade sexual, corporal, de xénero, de orientación ou identidade.
- ▷ Conceptualizar a realidade e aprender a designar a realidade social que nos arrodea sinalando as desigualdades e fomentando o compromiso pola igualdade.
- ▷ Identificar as diferentes manifestacións da violencia machista, entendéndoas como un problema social e estrutural que nos afecta a todes independentemente da orixe, clase social ou raza.
- ▷ Introducir a interseccionalidade como enfoque e ferramenta analítica que nos permite analizar os sistemas de opresión e o xeito no que dialogan e se entrecruzan.
- ▷ Fomentar o autoconcepto e a autoestima co fin de traballar desde o individual ao colectivo, potenciando a auto-reflexión e auto-crítica como canle para a transformación social e a transformación das nosas prácticas diarias.
- ▷ Xerar espazos de diálogo para fomentar a comunicación non violenta, as relacións baseadas no botrato e a igualdade de xénero.

Actividades

Actividade 1. PASAPALABRA FEMINISTA

Facemos dous grupos (competitivo) ou un (colaborativo). Presentamos a actividade como se estivésemos no programa televisivo *Pasapalabra*. Podemos engadir toda a ambientación que queiramos (música de inicio, micrófonos, disfraces, pulsadores, teléfonos de comodín da chamada). Por quendas, unha crianza agarra un roscó nas mans e sitúase no centro del. A mestra (ou a persoa que teña o rol da presentación), indicará unha definición para descubrir o termo. Se a persoa que ten o roscó non sabe a resposta, facemos rebote e dámoslle o roscó a quen queira. No modo competitivo só poden facer rebote dentro do seu propio equipo e, se non atinan, será a quenda do equipo contrario. No anexo 1 están dispoñíbeis os termos do roscó feminista que propoñemos.



FONTE: autoría propia

Unha vez rematamos as palabras, deseñarán en pequenos grupos o seu propio pasapalabra con temática de xénero. Podemos usar dicionarios ou ordenadores para a súa creación. Unha actividade de ampliación nesta temática sería a *Proposta 8: Dicionarios inclusivos* do documento *AX(e)ITAR A LINGUA Orientacións para unha comunicación inclusiva no ensino*. Dispoñíbel en: <https://rodausc.gal/wp-content/uploads/2022/03/Axeitar-a-lingua25921.pdf>

A última parte, consistiría en resolver os seus propios roscos.

Obxectivos:

- ▷ Coñecer e poñer nome ás realidades que nos arrodean, así como identificar e rexeitar as mensaxes sexistas.
- ▷ Desenvolver actitudes de respecto cara á diversidade.
- ▷ Impulsar o rexeitamento cara calquera forma de violencia, especialmente as violencias machistas.

Materiais:

- ▷ Termos do pasapalabra feminista (proposta no Anexo 1).
- ▷ Rosco do pasapalabra (modelo para recortar no Anexo 2).
- ▷ Dicionarios.
- ▷ Ambientación: pulsadores, micrófonos, disfraces, cartaces (opcional).

Actividade 2. POÑEMOS AS LENTES VIOLETAS

Para comezar esta actividade, faremos grupos pequenos. Cada grupo terá unha lanterna de luz ultravioleta. A pauta que se lle dá ás crianzas é estar moi atentas ao seu contorno porque nel están agochadas algunhas mensaxes que non todo o mundo pode ver, pero que coa nosa luz violeta feminista poderemos atopar.

Para isto, previamente, a docente escribe cun rotulador de tinta ultravioleta contramitos do amor romántico e mensaxes que inviten á reflexión en volta das formas de vincularse e o machismo. A nosa proposta de mensaxes está no Anexo 3.

Cando atopen unha frase terán que anotala nunha folla en branco para despois compartila no grupo grande, na posta en común. Unha vez recolectadas todas as frases, xuntarémonos para dialogar e construír conxuntamente novas aprendizaxes arredor das formas de vincularse.

Podemos preguntarlle ao alumnado cales son as frases que máis lle chamaron a atención, se coñecían algunha delas, se non entenderon algunha ou de cales gostaron máis. A idea sería afondar nos contramitos e novos modelos relacionais, achegar os mitos tradicionais para poñer en contraste e repensar as relacións que queremos construír.



Obxectivos:

- ▷ Desmontar os mitos do amor romántico para previr relacións desiguais de control e dominio, valorando modelos alternativos de vincularse afectivamente.
- ▷ Atopar referentes feministas que poidan servir de guía e exercitar a autonomía.
- ▷ Reflexionar sobre a importancia de crear espazos e relacións que promovan a igualdade de xénero.

Materiais:

- ▷ Lanterna de luz ultravioleta.
- ▷ Rotulador de tinta ultravioleta.
- ▷ Follas en branco e bolígrafos.

Actividade 3. VIDEOFORUM+LIBERACOCOS

Visualizaremos dous videos:

- ▷ *Los niños y el salario desigual entre hombres y mujeres experimento social noruego* (2020) <https://www.youtube.com/watch?v=GKPXr3B5CMM&t=5s> e 1977
- ▷ *La peque* (2011) <https://www.youtube.com/watch?v=MV4GyYp4Ku4&t=3s>

Debateremos en volta das seguintes preguntas: «É o mundo un lugar xusto para todas as persoas?» e «Que situacións de discriminación atopamos nos videos?».

Despois, cada crianza colle unha folla en branco e facemos conxuntamente as dobreces para crear un comecocos. Unha vez o teñamos, daremos pautas para escribir dentro do comecocos frases liberadoras. Deste xeito, convertíremolo nun *liberacocos*. Como temos 8 triángulos para escribir, a nosa proposta é:

- ▷ **Triángulo 1 e 2:** escribir algún soño que temos, algo que desexamos que mude da nosa realidade.
- ▷ **Triángulo 3 e 4:** que lle dirías a un amigo para alegrar-lle o día?
- ▷ **Triángulo 5 e 6:** escribir sobre algo que che dá pracer.
- ▷ **Triángulo 7 e 8:** se puideras ter un superpoder para mellorar o mundo, cal sería?



Cada alumne decorará o seu liberacocos como queira. Cando rematemos, poñeremos música e será o momento de compartir. O alumnado pode desplazarse libremente pola sala e xogar ao seu comecocos con quen escolla, convidando así a coñecer máis ó resto de persoas que nos rodean e tamén dándolles a coñecer parte de nós co noso liberacocos.

Obxectivos

- ▷ Mellorar o autocoñecemento e fortalecer a autoestima.
- ▷ Expresar os seus gustos, preferencias e emocións e amosar unha actitude positiva fronte ás opinións e emocións propias e das demais.
- ▷ Comprender que non hai tarefas propias de homes nin de mulleres e animar a escoller sen limitarse a aquilo que está estereotipado por cuestión de xénero.

Materiais

- ▷ Follas en branco
- ▷ Tesoiras
- ▷ Cores
- ▷ Opcional, vídeo explicativo do comecocos dispoñíbel en <https://www.youtube.com/watch?v=iwS0TiExUlw>

Actividade 4. CREANDO O NOSO CONTIDO

Visualizar o video *¿Qué es la diversidad sexual? Explicación fácil*

<https://www.youtube.com/watch?v=1QbTZYiQ6BA>

Despois de toda esta información, propoñemos facer na aula unha versión do vídeo que acabamos de ver. Para isto, podemos dividirnos en sete grupos e asignarlle a cada grupo un minuto do vídeo. A pauta será refacelo á nosa maneira. Cada grupo pode ter un ordenador para ver o vídeo e buscar máis información. A persoa docente servirá de apoio para resolver dúbidas e motivar á autonomía de cada grupo e á exploración e creación de novo contido. Cando os sete grupos estean preparados, gravamos un video conxunto para facer a nosa versión do vídeo inicial, serán as crianzas as que expliquen mediante a voz e os debuxos propios.



Obxectivos:

- ▷ Coñecer e afondar na diversidade sexual, cuestionando o binarismo e achegando propostas reais e diversas.
- ▷ Respetar a diversidade de identidades e orientacións, cunha actitude positiva cara o noso contorno.
- ▷ Promover unha visión positiva da sexualidade, valorando a súa importancia e complexidade.

Materiais:

- ▷ Proxector
- ▷ Ordenadores
- ▷ Follas en branco
- ▷ Rotuladores
- ▷ Cámara ou teléfono.

Actividade 5. FANZINE COLABORATIVO 25N (I)

Para facer rexistro de todo o que fixemos nas anteriores actividades e tamén para fomentar o botrato a través da *difusión autoxestionada*, crearemos un fanzine na aula. Propoñemos comezar buscando un título. Cando xa o teñamos, continuaremos dándolle contido.

Na primeira páxina do fanzine presentaremos a temática mediante un «cadáver exquisito», esta dinámica consiste en que unha crianza escriba unha frase e logo outra continua pero sen ver o que escribiu a anterior, só saberá a última palabra que puxo (dicímola en voz alta e dobramos ou tapamos o folio). O noso fío condutor neste caso será a temática, propoñemos abordar o traballado nas anteriores aulas coa pauta: Frases contra o machismo e para crear un mundo mellor.

Unha vez escribiron todas as crianzas a súa frase lemos o texto creado en voz alta.

As seguintes páxinas do fanzine, serán un mapeo colectivo. Facemos cinco grupos, cada grupo terá un mapa do patio. Usaremos tres rotuladores:

- ▷ **O vermello** para marcar espazos que non nos gustan ou nos que sentimos medo (poden riscalos , debuxar enriba, poñer algunha frase).
- ▷ **O verde** para indicar espazos onde nos sentimos seguros (podendo rodealos, facer algún símbolo, escribir nesa cor).
- ▷ **O azul** para sinalar espazos soñados, aqueles que aínda non existen pero desexaríamos habitar (podemos deseñalos, debuxar eses elementos, poñer un termo)

Ensinaremos os patios creados proxectándoos na aula. Cada grupo amosará a súa proposta e dialogaremos sobre a distribución de espazos en función do xénero. Podemos axudarnos da lectura do libro *A reconquista* (2018) de Antía Yañez ou do visionado da curta *ESPACE*, de Eléonor Gilbert (2014).

Obxectivos

- ▷ Utilizar a nosa creatividade como ferramenta para a transformación social.
- ▷ Desenvolver unha actitude crítica cara a segregación por xénero, detectando prexuízos e estereotipos.
- ▷ Desenvolver o gusto polas artes e explorar o proceso con liberdade sen buscar un produto concreto, afastándonos do mandato do resultadismo ou finalismo.

Materiais

- ▷ Follas en branco
- ▷ Rotuladores: verde, vermello e azul.
- ▷ Impresións do mapa do patio.

Actividade 6. FANZINE COLABORATIVO 25N (II)

Continuaremos co noso fanzine, desta vez utilizaremos a técnica artística do stencil. Cada crianza escollerá unha palabra, símbolo ou frase relacionado co feminismo e o tratado nas anteriores actividades. Crearemos un stencil, un padrón deseñado por cada crianza, primeiro debuxamos o noso deseño e logo recortámolo. Por último, grafitearemos con spray os nosos modelos, nun mural colaborativo, para crear unha obra conxunta que fotografar e engadir no noso fanzine. Ademais, estes padróns perduran no tempo e fan que a nosa mensaxe se poida multiplicar, replicar e intercambiar.

A seguinte parte do fanzine consistirá en facer «autoreflexos». Dámoslle un espello a cada crianza. Enriba do espello poñemos un papel cebola ou fotolito. O exercicio consiste en facer un autoretrato, teñen que observarse e plasmarse tal como se ven. Mentres realizan esta dinámica máis introspectiva, podemos engadir música de calma e dar algunhas consignas de reforzo de autoconceito e autoestima.

Cando rematen, recollemos os autoreflexos para xuntalos no fanzine, ao ser papel cebola superpóñense e fan un efecto de rostros misturados. Ao rematar esta dinámica faremos unha ronda de sentires, preguntándolles como se sentiron no proceso e valorando que a diversidade das creacións é o que crea a fermosura da obra final dos rostros misturados.

Obxectivos

- ▷ Utilizar a arte como unha ferramenta de expresión e de sensibilización social.
- ▷ Traballar o noso autocoñecemento, autoestima e autoconceito.
- ▷ Fomentar a diversidade.

Materiais

- ▷ Rotuladores para debuxar.
- ▷ Fotolitos, carpetas de plástico, fundas de plástico.
- ▷ Cutter e tesoiras.
- ▷ Sprays.
- ▷ Papel de xornal para non manchar.
- ▷ Papel cebola
- ▷ Espellos

Actividade 7. FANZINE COLABORATIVO 25N (III)

Para rematar o noso fanzine, faremos unha avaliación: Como nos atravesou este proceso? Que aprendín ao longo destas actividades? Que sentín no proceso de facer este fanzine? Para isto, levaremos unha foto de grupo impresa (en tamaño grande). Animaremos a intervir a fotografía utilizando ferramentas artísticas como o collage, as cores, o stencil, a estampación. A idea é que poidan escribir frases nas súas fotos facendo bocadillos como os da banda deseñada, unha vez rematada a nosa intervención propoñemoslles que esta sexa a portada do noso fanzine, para isto, se o tamaño era maior, escaneámolo ou fotografiámolo para poder adaptalo ao tamaño do fanzine.

Para pechar esta sesión, compre falar da potencialidade dos fanzines, creamos o noso para poder espallar o botrato e agora concretaremos formatos de difusión para que chegue a máis xente. Podemos facer unha chuvia de ideas para ver que opcións aparecen. Algunhas que propoñemos nós son: imprimilos e levar algúns exemplos á biblioteca, deixalos en bancos ou baños (espazos que as crianzas do cole habiten), colgalos das árbores, facer eles de carteires, escondelos e facer un xogo de pistas para atopalos. Hai infinitas posibilidades, é unha das vantaxes de crear fanzines en colectivo.

Obxectivos:

- ▷ Mellorar a expresión artística, entender a arte como unha linguaxe e ferramenta de expresión da nosa identidade e acción social.
- ▷ Potenciar a conciencia crítica, motivar á acción e participación cidadá.
- ▷ Mellorar as habilidades sociais mediante o traballo en equipo e a axuda entre iguais.

Materiais:

- ▷ Foto impresa
- ▷ Cores: rotuladores, témperas, ceras e spray.
- ▷ Padróns ou modelos
- ▷ Autoadhesivos
- ▷ Variedade de revistas antigas e novas.
- ▷ Tesoiras
- ▷ Selos
- ▷ Papeis: maché, seda, celofán

Anexos

Anexo 1. Termos pasapalabra coeducativo

Amor: Sentimento de afecto cara alguén ou algo. Ex: Cando aprecias moito a unha amiga experimentas este sentimento.

Acoso: Perseguir, insistir, molestar alguén. Ex: Cando na rúa nos berran algún piropo.

Autoestima: Valoración que unha persoa ten de si propia. Percepción interna de cada persoa, construída a través dos pensamentos, sensacións, experiencias e sentimentos que vai tendo ao longo da súa vida.

Asexual: Refírese ás persoas que á hora de vincularse non senten atracción sexual.

Bisexual: Persoa que se sente atraída por máis dun xénero. Ex: Unha muller á que lle atraen persoas identificadas como homes, mulleres ou xénero neutro.

Body positive: Corrente que busca a aceptación da diversidade de corpos e cuestiona a rixidez do canon de beleza.

Bifobia: Discriminación cara a xente que se sente atraída por máis dun xénero.

Cis: Persoa que se identifica co xénero que lle asignaron ao nacer. Ex: Un bebé que ao nacer lle poñen o nome de lago e dinlle que é un neno. Cando medra está de acordo co xénero que lle outorgaron, gústalle que o nomeen en masculino e séntese un neno.

Ciberacoso: Agresións a través de plataformas virtuais que inclúen a difamación, o control, a usurpación de perfís, o roubo de contrasinais ou a pornografía de *revancha* ou desquite, entre outros.

Colectivo LGTBIQA+: Comunidade que abrangue as identidades disidentes e se identifica cunha bandeira multicolor.

Diversidade: Pluralidade e orixinalidade que enriquece a nosa vida. Ex: Cada persoa é diferente, temos alturas diferentes, pelos diferentes, corpos diferentes, gustos diferentes, usamos idiomas diferentes

Apoderamento: Tomar conciencia, proceso que nos fortalece, dá confianza e protagonismo para desenvolvernos en grupo. Ex: Cando unha muller toma a palabra nun espazo público para dar un discurso diante de moita xente.

Equidade: Trátase da $\square$ igualdade nas diferenzas $\square$. Ex: Para coller un libro dunha estantería, hai xente que apenas precisa un chanzo para chegar mais outras persoas precisarán dous tres ou outro tipo de axuda. Conseguir que todas cheguen axudando de distintas maneiras.

Feminismos: Movementos que buscan a liberación da muller e unha sociedade máis xusta para todas e todos, con igualdade de dereitos e sen violencia contra as mulleres ou persoas LGBTIQ+. Ex: Este movemento conseguiu que hoxe en día as mulleres voten ou as nenas poidan ir a universidade e vestir pantalóns.

Femicidio: Asasinato dunha muller en mans dun home por machismo ou misoxinia como exemplo de dominio. Ex: Cando poñemos o telexornal e informan dun asasinato máis dunha muller, aparece esta palabra.

Gai: Home ao que lle atraen outros homes. Ex: Antonio e Lucas son parella.

Homofobia: Discriminación das persoas homosexuais. Ex: Cando alguen di «O último que corra é gai» está discriminando.

Intersexualidade: Persoas con variacións nas condicións do corpo que parecen non encaixar co que se considera estritamente masculino ou feminino. Ex: Mariña nace cunha xenitalidade típicamente asociada ás mulleres, como a vulva, mais no seu abdome internamente ten dous testículos.

Identidade: Todo aquilo que nos define e caracteriza, ten que ver con como nos sentimos.

Lesbiana: Orientación sexual. Unha muller que se sente atraída por outras mulleres. Ex: Carla ten dúas nais que son parella.

Machismo: Conxunto de actitudes, normas, comportamentos e prácticas culturais que reforzan o feito de que os homes teñan maior poder que as mulleres e outras identidades.

Misoxinia: Odio cara as mulleres ou falta de confianza nelas, baseado en que a muller está nunha posición de inferioridade fronte ao home.

Non binario: Persoa que non se identifica no binarismo home/muller, concibe o xénero como un espectro máis amplo. Identifícase co pronome neutro: Ele ou Elu.

Oito de marzo: Día Internacional das Mulleres.

Orientación do desexo sexual: Desexo afectivo e/ou sexual que sentimos cara outras persoas. Inclúe a Homosexualidade, bisexualidade ou heterosexualidade entre outras.

Parella: vínculo amoroso escollido que pode ser entre dúas mulleres, dous homes, unha muller e un home, persoas non binarias etc **Ollo!** Hoxe en día na Real Academia Galega aínda atopamos a seguinte definición: Conxunto de dúas persoas ou animais, especialmente o formado por macho e femia.

Queer: Termo paraugas que acolle a todas as identidades que saen da norma. Concibe o xénero dunha forma ampla afastándose do binarismo home/muller.

Rol de xénero: Adecuación de mulleres e homes ás características que lle foron outorgadas pola sociedade. Conxunto de papeis e expectativas diferentes para mulleres e homes que marcan a diferenza respecto a como ser, como sentir e como actuar.

Sororidade: Tecer rede de apoio entre mulleres. Pacto de axuda mutua fronte a competitividade do sistema heteropatriarcal.

Sexualidade: Está vencellada co corpo, co desexo, co pracer, cos sentimentos e coa saúde. Existen tantos tipos como persoas hai no mundo.

Trans: Persoa que non se sente representada coa identidade de xénero que lle asignaron ao nacer. Ex: Iria quixo mudar o seu nome e expresou que era unha rapaza, porque a súa familia (e a sociedade) enganáronse cando a nomearon en masculino ao nacer.

Violación: Forzar ou presionar para que ocorra un acto sexual. Agresión e acto de dominación.


Violencia: Según a R.A.G, Maneira de actuar na que se fai uso da forza física ou da intimidación moral contra algo ou alguén. Existe tamén outro tipo que é a psicolóxica.

Xénero: O conxunto de valores socialmente construídos que definen as características emocionais, afectivas, intelectuais ou físicas e os comportamentos que cada sociedade asigna ás persoas.

Xustiza social: Igualdade de Oportunidades e Dereitos para todas as persoas en calquera lugar do mundo.

Contén a Z- Azul: Color asignado ás persoas cunha xenitalidade que a sociedade le como masculina. Ex: erroneamente, dise que é a color dos nenos. Cando imos a algunhas tendas, a roupa de nenos está nunha sección desta cor.

Anexo 2. Padrón rosco feminista para recortar



Anexo 3. Frases para atopar

- ▷ Nin príncipe, nin rá, escolle alguén que te deixe soñar.
- ▷ Os que se desexan, cóidanse.
- ▷ Eu son a laranxa enteira, non busco a miña metade.
- ▷ Quen ben te quere, farate rir sen parar.
- ▷ A confianza é unha mostra de amor.
- ▷ Se doe, non é amor
- ▷ Amores pelexados non son os máis queridos.
- ▷ Para campar non hai que arrabear.
- ▷ Se te espreita non te quere.
- ▷ O amor non pode con todo, e menos mal!
- ▷ Os ciúmes non son demostracións de amor.
- ▷ Coidemos de quen nos coida.
- ▷ Unicamente si é si.
- ▷ Non é non.
- ▷ Non podo ser a muller da túa vida porque xa o son da miña.
- ▷ Eu non teño amigos teño amores (Pedro Lemebel)
- ▷ Eu decido onde, cando e con quen. (Canción Lo malo- Aitana e Ana Guerra)
- ▷ Con un chico malo, non non non! (Canción Lo malo- Aitana e Ana Guerra).
- ▷ Caladiña non me vexo máis bonita.
- ▷ O machismo mata.
- ▷ A homosexualidade non é un problema, a homofobia si.
- ▷ Non quero o teu piropo, merezo o teu respecto.
- ▷ O meu corpo, as miñas regras.
- ▷ Para que queres amores? Se non os sabes amare (Tanxugueiras)
- ▷ O amor é demasiado grande como para que entre dentro dun armario.

Maleta de recursos

Abrazar la diversidad: propuesta para una educación libre de acoso homofóbico y transfóbico. Dispoñíbel en: https://www.inmujeres.gob.es/actualidad/NovedadesNuevas/docs/2015/Abrazar_la_diversidad.pdf

Escollo de libros pola diversidade e igualdade. Dispoñíbel en: <http://biblioteca-decolores.blogspot.com/>

Maleta de recursos dispoñíbel en: <https://www.orientacionandujar.es/2013/03/05/recopilacion-de-materiales-para-trabajar-la-coeducacion-8-de-marzo-todas-las-etapas/>

Mapa de recursos feministas de Aventureira. Dispoñíbel en: <http://aventureira.com/wp-content/uploads/2021/02/Mapa-de-recusos-completo.pdf>

Material didáctico realidades trans*: <https://asociacionarelas.org/programas/material-didactico/>

Material didactico 25 N dispoñíbel en: <https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/educarparaigualdad/dia-internacional-para-la-eliminacion-25-noviembre/>

Realidades intersex: <https://kaleidosintersex.com/visibilidad-intersex-2/>

Sexualidade: <https://sedra-fpfe.org/herramientas-y-guias/>

Unidade Didáctica pola igualdade dos Bolechas: http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/unidade_didactica_os_bolechas.pdf
<https://padlet.com/fconsil/igualdad>

Material da CIG-Ensino e AS-PG 25 N <https://www.cig-ensino.gal/nova/a-cig-ensino-pon-a-disposicion-do-profesorado-material-didactico-para-traballar-o-25-n.html>

Tópicos machistas (pp. 24-27). Dispoñíbel en: https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/educarparaigualdad/files/2021/03/rebel-des-de-geunero-4-parejas-2021_02_15.pdf

Selección de libros nesta biblioteca. <http://biblioigualdade.blogspot.com/?view=snapshot>
<https://igualdade.pontevedra.gal/educacion/recursos/>
<http://www.pantallasamigas.net/xunta/nonsexting/>
<https://padlet.com/fconsil/igualdad/wish/2329803594>
<https://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/ecoescuela/educarparaigualdad/>
<https://machistaenrehabilitacion.com/guia/#>

«A las mujeres nos representan como si sólo fuéramos cuerpos» Publicado o día 8 de setembro de 2017, dispoñíbel en: <https://www.publico.es/sociedad/mujeres-representan-fueramos-cuerpos.html>

Una exposición desmonta la idea de que la ropa de las mujeres «incita» a violar. Publicado o día 18 de xaneiro de 2018, dispoñíbel en: https://www.eldiario.es/politica/exposicion-desmonta-mujeres-incitaviolar_1_2897858.html

Libros

- DUQUE, Isabel (2022). *Acercarse a la GENERACIÓN Z. Una guía práctica para entender a la juventud actual sin prejuicios*. Zenith.
- GREGORES, Bea (2022). *As mulleres que cultivaban néboas*. Edicións Xerais.
- LLENAS, Anna (2012) *O monstro de Cores*. Flamboyant
- LOSADA CORTIZAS, Sabela e REGOS, Minia (2018). *Vermella*. Baía Edicións.
- MÁRQUEZ, María (2020) *El chubasquero de aurora*. Bellaterra.
- NEIRA CRUZ, Xosé A. (2009) *Unha chea de familias*. Editorial Galaxia.
- PENA PRESAS, Montse e CAAMAÑO ROJO, María (2022). *AX(e)ITAR A LINGUA. Orientacións para unha comunicación inclusiva no ensino*.
- PLATERO MENDEZ, R. L. (2014) *Trans*exualidades. Acompañamiento factores de salud y recursos educativos*. Bellaterra.
- VASALLO, Brigitte (2021). *Lenguaje inclusivo y exclusión de clase*. Larousse editorial.
- YÁÑEZ, Antía.(2018) *A reconquista*. Baía Edicións

Vídeos e filmes

- ESPACE, de Eléonor Gilbert (2014)
- Los niños y el salario desigual entre hombres y mujeres experimento social noruego* (2020).
Dispoñíbel en: <https://www.youtube.com/watch?v=GKPXr3B5CMM&t=5s>
- 1977 La peque* (2011). Dispoñíbel en: <https://www.youtube.com/watch?v=MV4GyYp4Ku4&t=3s>
- ¿Qué es la diversidad sexual?* (2017) Explicación fácil. Dispoñíbel en: <https://www.youtube.com/watch?v=1QbTZYiQ6BA>
- Ser/Estar: No binaries* - Canal Encuentro. 27 de maio de 2022. Dispoñíbel en <https://www.youtube.com/watch?v=WLdtFfpeKCM>
- Lo que ocurre cuando sumas machismo y racismo* (2018). Dispoñíbel en: https://www.youtube.com/results?search_query=machismo+e+racismo
- El sexo en el porno vs. el sexo real: las diferencias explicadas con comida*. Dispoñíbel en: <https://www.youtube.com/watch?v=kd45B4MLHC4>.
- Feminismo para torpes: ¿Es esto acoso?* Publicado o 10 de abril de 2018, dispoñíbel en: <https://www.youtube.com/watch?v=xtOoq0anKEw&t=43s>
- Visualizamos o video *Alerta Virus!!* Publicado o 27 de outubro de 2021, dispoñíbel en <https://www.youtube.com/watch?v=0VaYw19X8es>

